

Hoxe publícase no DOG unha resolución de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na que entre outros acordos está o de reabrir o procedemento de admisión de alumnado para o curso que vén.

Nel establécense as seguintes datas:

- Solicitudes de admisión do 11 ao 18 de maio.
- Listas provisionais de admitidos antes do 9 de xuño
- Listas definitivas de admitidos ata o 26 de xuño
- Formalización de matrícula en infantil, primaria e secundaria do 1 ao 10 de xullo (prazo extraordinario en secundaria do 1 ao 10 de setembro)

Se algunha familia ten que facer solicitude de admisión o horario do centro para a entrega de documentación, a partir do luns 11, será de 9:00 a 13:00 horas